



SERRA DO CAREÓN

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 27 km (lineal)


Dificultade: baixa

Duración: variable en función do medio empregado

A serra do Careón é unha das que forman a dorsal galega, a ringleira de montes que fan fronteira natural entre a metade leste e a metade oeste de Galiza. É unha serra que non chama a atención nin polas súas formas nin pola súa altitude, non ofrece ningunha paisaxe espectacular, nin ten lugares de importancia significada, e aínda que todos sabemos que as paisaxes gañan coa altura, e que desde o cume desta serra podemos ver cara ao leste a comarca da Ulloa, cara ao oeste a Terra de Melide, cara ao norte os montes do Bocelo, a Cova da Serpe e as terras de Friol, e cara ao sur o val do Ulla e as serras do Farelo e o Faro; que pola súa situación perto do centro xeográfico de Galicia, nos permite contemplar terreos das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, non é este o motivo que nos leva alí.

A singularidade do Careón atópase na súa composición mineralóxica de características únicas, con dominio das rochas serpentínicas de natureza ultrabásica, e no efecto que esta produciu sobre algunhas das plantas que se desenvolven nela. A serra do Careón acolle numerosas pequenas xoias da natureza xurdidas de milleiros de anos de evolución e adaptación a unha contorna de características físico químicas e ambientais singulares, e que neste pequeno espazo atopan as condicións necesarias para o seu desenvolvemento, plantas que teñen aquí a súa única e escasa representación mundial. Plantas que son modestas nas súas dimensións pero enormes na súa singularidade.

O espazo está protexido dentro do LIC Serra do Careón que tamén inclúe as Gándaras de Melide e o curso do río Furelos, máis de 6.000 ha en terreos dos concellos de Melide, Santiso e Toques (na provincia da Coruña); e Friol e Palas de Rei (na provincia de Lugo). Propoñemos unha ruta moi ampla que se pode facer en coche, en bicicleta ou, en varias etapas, camiñando.



Terra de Melide desde o alto do Careón

PERCORRIDO

Polo Careón pasa o Camiño de Santiago, a estrada Santiago Lugo e varias estradas locais que comunican Friol e Palas.

Podemos percorrer o lombo da serra en case toda a súa extensión do norte ao sur. Comezamos no parque eólico de Pena Armada a donde podemos chegar desde Friol, por San Paio de Narla e Casferro, desde por Palas de Rei, por Hospital das Seixas para seguir polo Ferradal e Xacel, entrar no concello de Friol e alí, por Castorres e Casparto, chegar a Casferro; ou desde Melide e Toques, por Vilouriz chegar a Hospital de Seixas e continuar a Casferro polo mesmo camiño que desde Palas de Rei. Unha vez no parque eólico xa non hai perda, seguimos a pista dos aeroxeradores cara ao sur, do último aeroxerador sae unha pista que enlaza este parque co do Careón e no remate do parque do Careón volvemos ter unha pista que nos baixa a Érmora onde collemos a estrada que nos trae cara a Melide, ao pouco atravesa outro parque eólico polo que nos desviamos á esquerda para subir ao monte do Castro, o último cume da zona, coroado por unha mámoa. De volta na estrada continuamos descendendo cara a Melide, ao chegar ao cruce collemos cara á dereita para chegar ao Campo de Meire, á saída do lugar un camino de terra á esquerda, permítenos cruzar as Gándaras, ao chegar a un cruzamento, un pouco antes de saír á estrada, temos de fronte unha zona arborada entre a que hai unas construcións abandonadas, entre elas consérvanse dous fornos das vellas telleiras convertidas logo en pequenas fábricas de tella e ladrillo. Saímos á estrada xusto de fronte do Parque empresarial da Madalena e alí collemos á esquerda para, nun quilómetro máis ou menos, volver a deixala por un desvío á dereita que, pola parte de abaixo das Gándaras, nos leva ás pistas da concentración parcelaria da parte da serra que queda no concello de Santiso, de menor altitude e máis explotada como terreo agrícola (pasteiros) e forestal (plantacións de eucaliptos) pero que acolle, nos arredores de Barazón, as mellores poboacións de *Santolina melidensis*. Desde Barazón podemos baixar á ribeira do Ulla e achegarnos á desembocadura do río Seco o punto no que conflúen as provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra.



O Careón, vista Sur



O Castro desde o Careón



O Careón



Pena Armada



Subida ao Careón pola vertente leste



Rochas no cume Careón




Gándaras de Melide



Carballeira en Hospital



Restos dunha telleira



Rohas e toxos



O Ulla en Barazón



Armeria merinoi é unha especie de herba de namorar de desenvolvemento modesto, asociada ás especiais características do sustrato do Careón que só conta cun pequeno número de exemplares nesta localización.



Leucanthemum gallaecicum endémica da metade sur da serra. Florece de xullo a setembro.



Centaurea janerii subsp. *gallaecica*.



Santolina melidensis é o nome científico desta planta que fai referencia ao lugar no que se atopa. Florece na primeira metade do verán no sur da serra, entre Santiso e Palas de Rei. Está en perigo de extinción por perda do hábitat que está a ser alterado con plantacións forestais e a transformación de grandes superficies de monte en pasteiros.



Sagina merinoi esta pequena planta, adicada ao Pai Merino, florece na primeira metade do verán.



Thymus longicaulis, un tomelo que en Galiza só medra nos terreos ultrabásicos da Capelada e do Careón.



Alyssum quitianae

Reina (*Filipendula vulgaris*), planta rara en Galicia, asociada aos terreos ultrabásicos.



Fritillaria nervosa. En datas temperáns podemos atopar esta planta que é máis común en prados de montaña.

